

Dossier informativo:

Ó grupo artístico As maianas están formado por 5 mozas: Inés (voz guitarra è percusión) Ruth (voz è percusión), Irene (voz è percusión), Ainoa (voz è percusión) è Cruz (voz è percusión)



As Maianas nacen alá polo 2007 e durante este tempo, a formación percorreu as catro provincias, actuando en diferentes eventos. Desde aquel momento no que as ganas por facer algo diferente e a amizade nos levaron a formar Maianas estamos traballando por lograr que a tradición non se esqueza e intentando poñer o noso gran de area para que siga medrando a nosa tradición cada vez mais.

Por isto, as Maianas tamén contan con temas propios, parte deles presentes no seu último traballo **Fala de min**, co que seguen espallando a nosa tradición e contaxiando ganas de festa para conseguir que o público o pase ben coas súas cancións e diferentes ritmos: muiñeiras, xotas, pasodobles, rumbas....



MAIANAS

Fala de min!

Na súa traxectoria, as Maianas leva xa catro traballos : **Xota da maia, Como canta, De trisca** e este último **Fala de min** que lle da nome o seu espectáculo actual. Nestes anos tiveron diversas colaboracións con grupos da nosa comunidade que aportaron moitas ilusións e novos proxectos

Estamos moi orgullosas de ter gañado o vas sacar nota no 2012 e o certame de novos valores do Festigal no 2015

A presenza de Maianas nos medios públicos galegos foi tanto na radio como na televisión. Puidemos visitar diferentes programas da **CRTVG** como **Lume na palleira, Heicho cantar, E ti que tocas?, Somos quen ou Un sitio á sombra**, así como participar nos programas de televisión **Luar, Fun polo aire ou Galicia Viva**.

Nestes case 20 anos tivemos a oportunidade de actuar polas catro provincias galegas en todo tipo de festivais, concertos, festas, romarías... Tamén levamos a nosa música a colexios de educación infantil e primaria co desenvolvemento dunha serie de concertos didácticos. Asemade, Maianas organiza dende o 2008 o Festival

de Música Tradicional Val da Maía, por onde xa teñen pasado agrupacións musicais de toda Galicia.

Co anterior traballo De trisca, o grupo demostrou seguir forte tras a pandemia e despois de moito tempo, traballo e dedicación sae este último Traballo con novos temas que queremos facer chegar ó público sen esquecer os temas de sempre

Por esta razón, o noso obxectivo ao longo do 2026 é compartir co maior número de xente posible a nosa paixón pola música galega e que os nosos temas cheguen o máis lonxe posible è participar no **Festival de Ortigueira** sería un soño feito realidade